

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANXIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS PSICOEDUCATIVOS E DE APOIO, E ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E DESESTIGMATIZACIÓN SOCIAL DOS TRASTORNOS MENTAIS EN NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde formalizaron o 10/11/2020 coa Asociación Anxiños o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de dous anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

O dito instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes para o desenvolvemento de programas psicoeducativos e de apoio á infancia e á adolescencia con trastornos mentais, de cara a promover o benestar deste colectivo e das súas familias para a consecución dun adecuado nivel de funcionamento e autonomía, potenciando os seus propios recursos e o desempeño eficaz de roles. O desenvolvemento dos citados programas terá lugar na antiga casa reitoral sita en San Mamede (A Baña), a cal conta cos recursos estruturais e de persoal cualificado e con experiencia na intervención en menores para a realización dos programas descritos no anexo do citado acordo.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- A asociación Anxiños é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre as súas finalidades a de promover a recuperación integral e a mellora e calidade de vida dos/as nenos/as e adolescentes con trastornos mentais, proporcionar apoio aos pais e familiares, e promover a sensibilización social en relación con aqueles, así como a súa protección. Para cumprir estes fins, establécense como obxectivos específicos os de crear unha escola-fogar integradora e individualizada para eles, fomentar o

seu desenvolvemento integral e individualizado, favorecer a súa integración familiar, escolar e social, proporcionar asesoramento e orientación familiar e promover todas aquelas actividades que poidan propiciar a cobertura dos fins da asociación.

- Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde ten atribuídas as competencias necesarias para proporcionar unha atención integral á saúde, con especial atención aos colectivos especialmente vulnerables, que terán dereito ás actuacións e programas sanitarios específicos e preferentes.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

